

## **NOTA DE PRENSA**

# **Futuros médicos galegos coñecerán o valor das augas mineromedicinais na prevención e tratamento das enfermidades**

## **A Cátedra de Hidroloxía Médica-Balnearios de Galicia comeza un novo curso académico, no que 140 alumnos de Medicina se beneficiarán de prácticas en centros termais**

---

*Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019 (Vía Láctea Comunicación).*- A Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia inicia o vindeiro día 15 de febreiro un novo curso académico formando aos futuros facultativos na cura termal.

A materia de Hidroloxía Médica comezou a impartirse na Universidade de Santiago en 2006, froito dun acordo coa Asociación de Balnearios de Galicia. Catro anos despois nacía, co apoio da Axencia de Turismo de Galicia, a Cátedra de Hidroloxía Médica, a segunda que existía en España, e que forma cada ano a máis dun centenar de alumnos. Este ano o número de prazas aumentouse a 140.

O director da Cátedra é o doutor **Juan Gestal Otero**, Profesor Emérito de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade de Santiago. Salienta “a importancia de iniciar aos alumnos na utilización desta modalidade de terapia na súa práctica médica”. Nesta liña, os futuros médicos coñecerán as indicacións terapéuticas dos distintos tipos de augas mineromedicinais que existen nos balnearios galegos.

Os alumnos, todos eles de sexto curso do Grao de Medicina, participarán en sesións teóricas-prácticas de fin de semana, ao longo dos meses de febreiro en marzo, en sete balnearios da comunidade. Trátase dos balnearios ourensáns de Laias (no concello de Cenlle) e Arnoia; os pontevedreses de Mondariz, Termas de Cuntis e Caldelas de Tui; e os lucenses de Augas Santas (Pantón) e Balneario de Lugo-Termas Romanas.

Nestas sesións, impartidas polos directores médicos e profesionais de cada centro, abordarase o valor terapéutico das augas mineromedicinais no tratamento da dor, nas patoloxías reumáticas, nos procesos de rehabilitación, así como os seus beneficios de cara a un avellentamento activo. Tamén se afondará en diferentes terapias e técnicas termais, ao tempo que se presentarán as indicacións actuais da balneoterapia nos procesos crónicos e na promoción xeral do benestar. Ademais, os participantes achegaranse ao termalismo pediátrico.

### **O avellentamento da poboación, o incremento das doenzas crónicas e o estrés fan que a cura balnearia teña cada vez máis aplicacións na medicina actual**

O director da Cátedra destaca “o peso cada vez maior da hidroloxía médica na medicina actual, pois o avellentamento da poboación, o incremento das enfermidades crónicas e o estrés fan que a balneoterapia teña cada vez máis aplicacións”. E indica que “a medicina actual debe ter en conta os beneficios da cura termal para previr e curar determinadas doenzas”. Nesta liña, asegura que “a cura balnearia pode axudar á capacidade natural de recuperación do organismo”.



BALNEARIOS DE GALICIA

“Na actualidade é indiscutible o valor da balneoterapia como factor coadxuvante na prevención, tratamento e rehabilitación de procesos patolóxicos de evolución crónica. A cura balnearia é, por outra parte, unha terapia pouco agresiva, suave, ben tolerada, que rara vez ocasiona efectos secundarios” -manifesta o doutor-. Asegura que se trata dunha “terapia complexa que aporta, ademais dos efectos específicos, en función das características da auga e das vías e técnicas de administración, os beneficios das circunstancias ambientais que proporciona o propio balneario”.

PRENSA\_ 981 554 407 / 639 768 929 ..... [www.vialactea.es](http://www.vialactea.es)

[www.balneariosdeg Galicia.gal](http://www.balneariosdeg Galicia.gal)